

# EDITORIAL

Excepcionalmente este curso escolar o Claustro de Profesores e Profesoras do CPI Uxío Novoneira saludamos a toda a comunidade escolar por segunda vez. Un curso no que destacou a compañía da neve como facía anos que non sucedía e que nos fixo ter un curso cheo de pequenos paróns e alteracións no ritmo das actividades; algunhas importáronnos menos, coma os exames, pero outras non tanto, como quedar sen algunha saída.

Neste número queremos aproveitar para desexarvos unhas boas vacacións de verán pero sobre todo despedirnos con moita morriña de Abril, Ana Belén, Sandra, David R. e David Aira que inician a súa andadura por novos centros; aos que lles desexamos todo o mellor e aos que non imos esquecer despois de tantos momentos compartidos.

Tamén queremos destacar a participación no IV Certame *Deseña unha xoia para a túa nai*, organizado polo Colexio Oficial de Xoiaría no que Rubén de 5º de EP quedou seleccionado entre os 80 finalistas e aínda que non resultou gañador foi agasallado cunha mochila personalizada co seu deseño e co seu nome. **NORABOA RUBÉN!**

Como cada ano con esta Revista intentamos deixarvos un pequeno recordo en papel de todo o que compartimos e traballamos este curso no colexio.

O centro quere agradecer a todo o alumnado e profesorado a súa colaboración na elaboración da revista, porque sen ela non sería posible. Esperamos que a disfrutedes.

*Un saúdo e bo verán.*

